

## **Unha perspectiva de xénero.**

Mercedes Peón

Despois de andar polos mundos da composición musical, volvíñ a atoparme con seráns modernos. Seráns feitos pola xente que pertenceu a revolución das tocadoras, e tamén xa por alumnado que aprenderan en clases e tiveran pouca relación coas señoras sabias de Galicia. A poucos funne decatando de que a doxa actual capitalista reflíctese no ensino do folclore cunha escala de valores totalmente estereotipados, masculino e feminino segundo nos fai asimilar a doxa actual do mundo occidental. Por unha banda, os e as folcloristas que estiveron en contacto directo coa verdadeira creación colectiva trasladaron moitos elementos prexuízosos da doxa de poder económico social á tradición. Pálpase violencia simbólica cara ás mulleres, e para calquera outra forma de xénero que non ten cabida no ensino do folclore. Por outra banda a fantasía de aceptación fai que se asimile a subordinación das mulleres nos seráns modernos.

Galicia segue a ser abraiante. Estas miles de persoas do folclore son as que están dando vida e continuidade a algo único, a unha linguaxe músico corporal que nos identifica totalmente e nos relaciona co hábitat onde vivimos. Gustaríame iniciar unha chamada de atención para identificar os pensamentos tóxicos vidos da doxa de poder actual e enxuzar as nosas fantasías de aceptación onde cremos que o que facemos e reflexionamos está realizado con verdadeira autonomía. Por esa fantasía de aceptación podemos caer no erro de magoar o noso sistema ecolóxico musico-danza.

### **A revolución das tocadoras**

Eu denomino “revolución das tocadoras” ao movemento xurdido a finais dos 80 no que participei activamente durante 20 anos. Esta revolución foi a que puxo en seria evidencia que algo pasaba no que se denomina folclore, que se supón representa aquilo co que nos sentimos identificadas. Aconteceu algo de tal autenticidade que revolucionou o circuío artístico folclórico. Algo escandalosamente presente na verdadeira creación colectiva de micro pobos espallados por toda Galicia, ausente nos grupos folclóricos do momento e inexistente no imaxinario galego urbano. Refirome ás pandeireteiras. Creadoras de coplas, regueifeiras, directoras dos seráns, centro da festa porque elas son a música. Mulleres desinhibidas, sexuais, empoderadas, creativas, bailadoras. Todo isto saíu á luz cando dende grupos folclóricos se tomou a iniciativa de pescudar que acontecía na transmisión oral, pero dende a perspectiva da xente dos grupos folclóricos, sendo unha mestura de pensamento artístico e tradicionalista.

### **Visión sistémica na tradición**

Xa daquela houbo críticas porque as mulleres tomaron o protagonismo cal unha enxurrada. As críticas viñan directamente do imaxinario capitalista dalgúns gaiteiros despistados que non facían ningunha pescuda por saber os significados das muiñeiras que comezaban a soar. Deste xeito non se decataban da relación que podería haber entre esas melodías e o resto do habitat músico-danza da nosa terra. Por exemplo da relación sistémica entre claqueos, estruturas, ornamentacións e baile. Aínda así, o transo ternario, o poderío das voces e con elas a palabra, tomaron o centro da atención na escena folclórico coreográfica musical galega. Esta existencia, traída a luz pola curiosidade dos folcloristas, puxo de manifesto a construción romántica do folclore e a visión androcéntrica que caracteriza este movemento político artístico. O gaiteiro como heroe e imaxe da masculinidade e a visión continuista deste pensamento co guía do baile sempre home e con actitude viril.

Mentres acontecía isto, Dorothé Schubart viña de rematar o seu “Cancioneiro Popular Galego”, publicado no ano 1984, tras un intenso traballo que abrangue 38 zonas xeográficas galegas e raianas.

Dorothé ficou 10 anos, abraiada pola riqueza de melodías, ritmos e sobre todo pola cantidade de informantes. Mulleres que tiñan vivo no seu imaxinario as relacións sistémicas que lles facían ter toda esa información.

### **Imaxinario sen xénero**

Hai imaxinarios paralelos ao capitalista occidental que teñen que ver co ecolóxico, coas relacións e a creatividade que xurde pola comunicación co que nos rodea. Imaxinarios sen xéneros e sen arquetipos pechados. Con mulleres que soas ou non, por propia elección ou non, criaban, traballaban, vendían o que colleitaban e, claro está, tiñan o seu transo nunha comunidade onde os seráns liberaban do cotiá. Non había nin hai esa submisión agachada na feminidade aprendida das castas sociais máis distantes co pobo, para diferenciarse e codificar o coñecemento.

Pódovos dicir por experiencia que o noventa por cento da información vén da man de mulleres. Mulleres e homes que son coma bibliotecas de sabedoría. Se algo non ten importancia é a cantidade porque para min non existen os xéneros, non acepto esa catalogación, non teño ese acordo na miña cabeza. Por iso véxome na obriga de dar outro punto de vista @s folcloristas ou simplemente amantes da tradición para que, se é posible, repercuta na transmisión xa dirixida nas clases e por extensión nos seráns modernos.

Admitindo por un momento eses acordos de xéneros e de funcións limitadas para cada un e unha de nós, é moi curioso que non haxa o mesmo empeño en descualificar os grupos de pandeireiros, máis aínda cando nunca os houbo; en cuestionar que nunca saquen punto as mulleres, e se o fan sexa anecdótico; ou que se siga descualificando ás pandeireiras porque imitan como cantaban as vellas. Moitas desas mulleres eran máis novas ca min e evidentemente na descualificación latexan outros intereses. Ata Miguel Anxo Murado no seu libro “Outra idea de Galicia” refírese ao que eu denomino revolución das tocadoras como algo anacrónico. Pero 5.000 cantares recollidos no cancionero de Dorothe Schubart nos anos 70-80 nun verxel cultural non é anacrónico, é de aquí e de agora.

### **Aclaración conceptual:**

**Xénero e sexo:** A imaxe que temos dos homes e das mulleres non é neutra. Complexas configuracións sociohistóricas teñen atribuído unha serie de calidades a cada sexo. É o denominado xénero. O xénero conceptualízase como un elemento constitutivo prioritario das relacións sociais entre os sexos. Esta atribución de características en función dun sexo biolóxicamente determinado deu lugar ao que hoxe en día coñécese co termo de estereotipo de xénero. Os estereotipos parecen inamovibles e delimitan o conxunto de crenzas e prescricións sobre o significado que ten ser home e ser muller nunha cultura determinada (Rocha-Sánchez e Díaz-Loving, 2005).

O xénero é unha simbolización da diferenza sexual que exerce un papel fundamental na organización e distribución do poder (Scott, 1996). O feminino e o masculino, lonxe de ser unha realidade binaria asociada esencialmente a cada sexo, é “[...] a mellor fundada das ilusións coletivas” que actúa impondo atribucións a cada sexo e colabora nunha interesada distribución do poder (Bourdieu, 2008, p. 232).

**Tradición:** (propoño para esta exposición) transmisión da cultura de creación colectiva de xeracións en xeracións, sen liderados, en comunidade e dunha maneira sistémica, sen pretensións de uniformidade nin de poder excepto o de poder ter, no caso da música e baile, un transo en base a uns códigos que foron postos a proba por centos e miles de persoas e que só permaneceu o que realmente lles valeu a todas para esa comunión entre elas/eles e a natureza.

**Tradicionalismo:** (propoño para esta exposición) ideoloxía que pretende manter estáticas as formas dunha comunidade.

**Folclore:** (propoño para esta exposición) O que representa un pobo.

**Doxa:** A doxa é o punto de vista particular dos dominantes, que se presenta como punto de vista universal (Bourdieu, 1999)

**Fantasia da aceptación:** Utilizareina no senso no que aceptas a túa función e cres que fas por ti mesma a elección e actúas en consecuencia e con autonomía (Jordi Claramonte, o que pode un corpo).

**Herexía:** Herexía é un concepto controvertido ou novedoso nun sistema de crenzas, que entra en conflito coa dogma establecida ( Silvia Federicci).

**Imaxinario:** A imaxe que temos das cousas, e esto fai que as perpetuemos ou que cambien (María Reimondez, 2014). O imaxinario está compartido por un mesmo grupo social e condiciona as crenzas coletivas.

## **BIBLIOGRAFIA:**

Bourdieu, Pierre (2008). *El sentido práctico*. Madrid: Siglo XXI.

(1999). *Razones prácticas. Sobre la teoría de la acción*. Barcelona: Anagrama.

Claramonte, Jordi (2009): *Lo que puede un cuerpo*. Ensaio de estética modal, militarismo e pornografía,. Murcia, Cendeac, Colección Infraleves.

<http://www.cendeac.net/admin/agenda/winarcdoc.php?id=146%20%20-%20110k%20->

Federicci, Silvia (2010). *Calibán y la bruja. Mujeres, cuerpo y acumulación originaria*. Madrid: Traficantes de sueños. Recuperado de <https://www.traficantes.net/sites/default/files/pdfs/Caliban%20y%20la%20bruja-TdS.pdf>

Reimóndez, María (2014). *A alternativa está aquí*. Vigo: Xerais.

Rocha-Sánchez, Tania, & Díaz-Loving, Rolando (2005). Cultura de género: La brecha ideológica entre hombres y mujeres. *Anales de psicología*, 21(1), 42-49.

Scott, Joan W. (1986). Gender: A useful category of historical analysis. *The American Historical Review*, Oxford, 91(5), 1053-1075.